

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 9 de xaneiro de 2006 de delegación de funcións da presidencia do Consello Escolar de Galicia na vicepresidencia.

A Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, dedica o seu artigo 4 á súa composición, dispoñendo no seu punto 2 que o Consello estará presidido polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e que se elixirá un vicepresidente entre os seus membros.

O artigo 3 do Regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia, aprobado polo Decreto 87/1992, do 26 de marzo, sinala as funcións que lle corresponden á súa presidencia, e o seu artigo 6 prevé a delegación expresa destas funcións na vicepresidencia.

A propia actividade administrativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria leva consigo unha concentración de funcións arredor da súa titular que aconsella, dado o volume, recorrer á delegación de competencias na vicepresidenta do Consello Escolar de Galicia.

A delegación de competencias permite axilización administrativa necesaria que redundará en beneficio da propia actividade do Consello Escolar de Galicia, da Administración educativa e dos administrados, dentro do máis rigoroso respecto das garantías xurídicas que a tutela dos intereses públicos exige.

En virtude do disposto nos citados artigos 3 e 6 do regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia, aprobado polo Decreto 87/1992,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Deléganse na vicepresidenta do Consello Escolar de Galicia as seguintes funcións:

- a) Representar o consello e dirixir a súa actividade.
- b) Convocar as sesións e fixar a orde do día.
- c) Presidir as sesións, dirixir as deliberacións e dirimir as votacións en caso de empate.
- d) Executar os acordos do consello.
- e) Designar os presidentes de comisións.
- f) Resolver, oída a comisión permanente, calquera cuestión que se formule por razóns de representatividade dos conselleiros ou en relación cos procesos electorais para a inclusión daqueles nas distintas comisións.

g) Resolver, oída a comisión permanente, as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia.

h) Executar o orzamento do consello, conforme os criterios que nel se establezan informando o pleno e a comisión permanente.

i) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á condición de presidenta do consello.

Artigo 2º

As resolucións administrativas que se adopten facendo uso das delegacións contidas nesta orde farán constar expresamente esta circunstancia e considéranse ditadas polo órgano delegante.

Artigo 3º

En calquera momento, a presidenta poderá reclamar para si o exercicio das competencias que son delegadas por esta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Corrección de erros.-Orde do 26 de decembro de 2005 pola que se particulariza para o exercicio orzamentario 2006 o procedemento de concesión de axudas á modernización dos buques pesqueiros, tramitada como expediente anticipado de gasto.

Advertido un erro na citada orde publicada no DOG nº 249, do xoves 29 de decembro de 2005, por omisión non se publicou o anexo IV, por tanto cómpre efectuar a seguinte rectificación mediante a cal se procede á publicación do devandito anexo.